


INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2021/22(curso avaliado: 2020/21)



INFORME PARA A REVISIÓN INTERNA DO SEGUIMENTO DE CENTROS E DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAOS E MESTRADOS

CONVOCATORIA: 2021/22 (curso avaliado: 2020/21)

Centro	Facultade de Historia
Titulación/s	Grao en Xeografía e Historia Máster Univ. en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
Data	18/02/2022
Alcance de Información	1.- Rexistro do SGIC
	2.- Informe de Revisión pola Dirección
	3.- Información Pública
	4.- Plan de Melloras

0 Introducción. Aspectos clave

A revisión documental realizada no marco de este proceso de seguimento interno, **baséase nos procesos de avaliación externa desenvolvidos na Universidade de Vigo nos últimos cursos académicos** e nas principais debilidades xerais recollidas nos informes de avaliación recibidos, fundamentalmente de ACSUG.

Estas cuestións convértense en clave para afrontar coas máximas garantías os procesos de calidade, e principalmente fan referencia as seguintes cuestións:

- Sistematización das accións de mellora na aplicación informática. Nos informes de revisión pola dirección hai que recoller unha información máis ampla do estado de situación dos plans de mellora. Resaltan a importancia de establecer accións de mellora do centro no seu conxunto ademais das específicas das titulacións
- No informe de revisión pola dirección debe recollese un apartado específico que analice a consecución das meta de calidade, a determinación de novas metas e sobre todo o intervalo temporal que se marca para acadalas.
- Desenvolvemento do procedemento de Programación e Desenvolvemento Estratéxico que inclúe o deseño e implantación no centro do seu Programa Estratéxico, en liña co [Plan estratéxico da Universidade de Vigo](#)
- A dispoñibilidade da totalidade de rexistros de calidade na aplicación. Aqueles rexistros que non procedan debe facerse constar tal situación no apartado de observacións.
- A dispoñibilidade e actualización da información pública na páxina web do centro/título.
- A estrutura e homoxeneidade no análise dos graos e os másters no Informe de Revisión pola dirección

Este informe ten como obxectivo avanzar nesta áreas de melloras para acadar mellores resultados nos vindeiros procesos externos. Trátase dun documento informativo no marco dunha revisión exclusivamente documental.

1 Listaxe de Rexistros do SGIC

Revisase os rexistros da aplicación da secretaria virtual SGIC do curso 2020-2021

1.1 Rexistros de Centro

Código	Denominación	Estados de Rexistro
R1 DE01 P1	Plan estratéxico do centro	Completado
R1 DE02 P1	Panel de indicadores	Completado
R1 DE03 P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	Completado
R1 MC05	Informe de resultados de satisfacción propio do centro e titulación	Completado
R1 DO0201 P1	PDA	Completado
R2 DO0201P1	POD	Completado

R4 DO0201 P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	Completado
R1DO0202 P1	Plan de promoción do centro.	Completado
R1 DO0203 P1	Plan de acción tutorial e de detección de necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE)	Completado
R2 DO0203 P1	Informe final de avaliación do PAT	Completado
R1 DO0301 P1	Verificación/Chequeo de Información Pública	Completado
R1 PE01	Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro	Completado
R2 PE01	Identificación das necesidades de formación do PAS do centro	Completado
R2 PE02	Informe para responsables académicos	Completado
R3 PE02	Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	Completado
R4 PE02 P1	Ficha Programa/actividade de formación	Completado
R1 IA01	Necesidades de recursos e servizos	Completado

1.2 Rexistros das titulacións do Centro

Código	Denominación	Estados de Rexistro das titulación		
		Grao en Xeografía e Historia	M. Univ. Valoración Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade
R1 D00101 P1	Acta sobre a modificación	Completado	Completado	Completado
R2 D00101 P1	Acta sobre a acreditación	Completado	Completado	Completado
R1 DO0102 P1	Informe anual de seguimento	Completado	Completado	Completado
R2 DO0102 P1	Informe final de avaliación (ACSUG)	Completado	Completado	Completado
R3 DO0102 P1	Informe de revisión interna	En preparación	En preparación	En preparación
R1 DO0103 P1	Resolución de extinción	Completado	Completado	Completado
R2 DO0103 P1	Orde de suspensión e revogación no DOG	Completado	Completado	Completado
R3 DO0201 P1	Informe de Coordinación	Completado	Completado	Completado
R1 DO0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares	Completado	Completado	Completado
R1 PE02 P1	Informes EAD	Completado	Completado	Completado

2 Informe de Revisión pola Dirección (IRPD)

Neste apartado suxírese unha serie de recomendacións de mellora que xorden dos informes de avaliación dos procesos de avaliación externa.

Aspectos	Comentarios
Obxectivos de Calidade	As comisións avaliadoras da ACSUG recomentan que a reflexión sobre a consecución dos obxectivos de calidade se recolla nun epígrafe específico do IRPD.

Accións de mellora	Recoméndase que as accións de mellora recollidas no IRPD, coincidan, estean vinculadas e perfectamente xestionadas na aplicación SGIC
Estrutura do informe	Recoméndase que as reflexións dos graos e os másters presenten unha análise semellante, non presentando descompensacións, tanto en contido como en profundidade das reflexións recollidas

3 Plan de Accións de Mellora

Neste capítulo procedese á revisión do plan coas accións de mellora do centro e das titulacións oficiais que se imparten no centro, que están rexistradas na aplicación do SGIC da secretaria virtual.

3.1 Accións de mellora comezadas no curso 20-21

	Si	Non	Observacións
As accións de mellora propostas no Informe de Revisión pola Dirección están rexistradas no SGIC		X	Hai un total de 14 accións de mellora propostas no IRPD. Na aplicación SGIC aparecen outras 3 accións distintas das anteriores e que proveñen do curso anterior

Accións de Mellora	Nº Accións	Estado das accións
Facultade de Historia	3	3 Accións Finalizadas
Grao en Xeografía e Historia	0	
Máster Univ. en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0	
Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	0	
Total	3	3 Accións finalizadas

3.2 Histórico das accións de mellora

	Curso 17-18	Curso 18-19	Curso 19-20	Total
Finalizadas	10	0	8	18
En revisión	0	0	0	0
En preparación	0	0	0	0
Total	10	0	8	18
En preparación fora de prazo	0	0	0	0

4 Información Pública

Esta análise basease na lista de chequeo de Información Pública que se corresponde co rexistro de calidade “R1 DO0301 P1”.

	Elementos Publicados e accesibles	Total de elementos considerados	Observacións
Facultade de Historia	12	12	
Grao en Xeografía e Historia	25	25	Inclúese o PCEO do Grao en Turismo, Xeografía e Historia
Máster Univ. en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	25	25	
Máster Univ. en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	25	25	

5 Observacións

- No rexistro “R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección” o IRPD atópanse unicamente as portadas dos documentos. Podería ser interesante engadir unha ligazón a páxina web do centro onde se atopa o IRPD: http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-03_P1_2019-20.pdf
- O Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade é un máster interuniversitario que non coordina a Uvigo. Podería ser interesante realizar a reflexión do desenvolvemento da titulación na Uvigo utilizando o formato do rexistro.
- Lembrar incluír o rexistro “R1 PE02 P1 Informes EAD”, recentemente enviado pola Área de Calidade